




MADERNE / CRÍTICA LITERARIA E TEATRAL... E POLÍTICA

un espazo para partillar críticas, comentarios, reseñas e outros documentos sobre literatura, teatro, arte, cultura...,  
POLÍTICA, amenizado por MV García

reproducidas na lingua en que foron escritas, sen máis

JUEVES, 9 DE DICIEMBRE DE 2010

## Bárbaras traxedias agrarias



### Galicia e o Wild Wild West

**MV García**

Se a memoria non me engana, Raúl Dans foi Christy Mahon, naquel espectáculo memorable do Centro Dramático Galego que dirixira Mario Gas por volta de 1988, con escenografía de Marcelino de Santiago, Kukas. Partía dun texto sobresaliente de John Millington Synge, *The Playboy of the Western World*, que Alberto Avendaño traducira como *O mozo que chegou de lonxe*. Un texto que, coma *Riders to the Sea*, condensaba toda a riqueza daquel mundo máxico, primitivo e telúrico que tamén cativou a imaxinación e o quefacer literario de Ramón María del Valle-Inclán, e velaí temos as comedias bárbaras como exemplo da forza que o “folc-drama” vai coller contra finais do século dezanove e principios do vinte en medio mundo para recuperar un mundo que xa esmorecía.

Nace o folc-drama na consideración dunha materia dramática que agroma de conflitos básicos das sociedades agrarias: a loita pola terra, a loita polo poder e a loita pola muller. Na sociedade patriarcal e masculina, a muller

sempre acaba por ser ese obxecto de desexo do que o home abusa, e motivo de enfrontamento entre uns e outros, mesmo entre fillos e pais. A saga de Juan Manuel de Montenegro é un bo exemplo desa paixón desmedida pola satisfacción dos instintos máis primarios.

Un mundo podrecido de dominación e barbarie que abrollaba en *Los Pazos de Ulloa*, novela magnífica de Dona Emilia Pardo Bazán. Esa mesma loita aparecerá en múltiples textos dramáticos, coma naquel que Eugene O'Neill titulou *Desire Under the Elms*, pero tamén en películas clásicas como a dirixida por George Stevens, de título *Giants*, presentada en 1956 e na que encontramos actores memorables coma Rock Hudson e James Dean ou actrices igualmente notables coma Liz Taylor.

Velaí algunhas claves para analizar esta peza de Raúl Dans, coa que gañaba en 1993 o premio Rafael Dieste que convoca a Deputación da Coruña, e que agora nos chega nunha nova edición a cargo da Universidade da Coruña. Vén cun prólogo de Dani Salgado, no que se comentan as diversas interrogantes que se van debullando nunha intriga que xoga abertamente coas expectativas do lector, do mesmo xeito que o fai a narración cinematográfica, ou a televisiva, que Dans coñece tan ben.

*Matalobos* ten trazos da traxedia clásica, mais ten moito de “western”, e os motivos ocasións acaban por ser os mesmos: aquela loita polo poder, polo diñeiro, pola satisfacción do instinto, e que tamén está na cerna dalgúns textos galegos de Antón Villar Ponte, coma *Nouturnio de medo e morte*, concibido como “bárbara anécdota”, ou *Os evanxeos da risa absoluta*, un dos mellores textos da nosa literatura dramática, hoxe esquecido e ignorado incomprensiblemente.

Nesta peza, notable, de Raúl Dans atopamos homes feros e afoutados, eses que, coas mesmas mans, arrincan fillos dos ventres das mulleres ou matan lobos, pois nada temen, nin sequera a morte. Como pano de fondo temos o vello problema entre os amos da terra e os seus caseiros (que sempre evitou Valle-Inclán), e coma sempre hai un mozo e unha moza, que, impelidos polo poder cativador da terra, viven amoríos imposibles, que, coma no mellor “western”, preludian a traxedia, a irrupción dunha morte cega que nada resolve. Un texto que se le dunha sentada e que deixa un pouso amargo, como a boa literatura.

### **Da Galicia eterna**

A terra, como espazo cultural e social que conforma identidades e condutas, ocupa un lugar moi importante na obra dramática de Raúl Dans, pois, amais de *Matalobos*, tamén lembramos aquela peza titulada *Estrema*, e mesmo poderíamos considerar aqueloutra de nome *Lugar*, na que terra e memoria se unían dalgún xeito. En boa medida, unha boa parte do seu traballo como escritor de narracións televisivas vaise abeirar a esa liña tan activa e prolífica na Televisión de Galicia, onde esta terra semella ser un espazo eminentemente rural, como se nesta terra non houbese cidades nin habitantes nas cidades.

Velaí temos series coma *Mareas vivas*, *As leis de Celavella*, ou *Terras de Miranda*, pero tamén *Pratos combinados*, aparente urbana pero cun indubidable pouso rural, nos temas, nas situacións, nos personaxes. E pode ocorrer, en efecto, que todas esas persoas que habitan os pisos das nosas cidades, no seu íntimo, sigan a vivir na aldea primordial e sigan a camiñar por soutos e corredoiras, tal é o peso da dimensión agraria nesta Galicia de hoxe, que segue a ser a vella Galicia de sempre. Por iso, ao mellor, nesta terra sempre pasa o que ten que pasar. *Ancien régime*, que dirían os franceses.

PUBLICADO POR MADERNE EN 00:22

[Entrada más reciente](#)

[Entrada antigua](#)